



Declaración institucional do Parlamento de Galicia en defensa do ceo nocturno

O Parlamento de Galicia asume na súa integridade a "Declaración sobre a defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas" (Declaración de La Palma, 2007), e de maneira explícita recolle algunhas das súas ideas fundamentais:

- 1.- O dereito a un ceo nocturno non contaminado que permita gozar da contemplación do firmamento debe considerarse un dereito inalienable da Humanidade, equiparable ao resto dos dereitos ambientais, sociais e culturais.
- 2.- A difusión da astronomía e dos valores científicos e culturais asociados deberán considerarse contidos básicos a tratar na actividade educativa.
- 3.- É imprescindible o control da contaminación luminosa en todo o territorio galego dado o impacto que xera sobre moitas especies, hábitats, ecosistemas e paisaxes. Deberá promoverse e esixirse o uso racional da iluminación artificial para minimizar o resplandor que provoca no ceo e evitar a nociva intrusión de luz sobre os seres humanos e o medio natural.
- 4.- Os lugares que presenten condicións excepcionais para a contemplación do ceo, e en particular aqueles máis aptos para a observación con fins científicos, serán obxecto dunha protección especial.
- 5.- Deberá fomentarse o turismo responsable e sostible que faga da paisaxe nocturna un recurso a protexer e poñer en valor.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de de 2015